



# MODELO SILVÍCOLA

Conservación de grandes superficies de queirogais húmidos atlánticos (4020\*) con *Erica mackayana* e os seus mosaicos con hábitats de turbeira (71XX) Life in Common Land.

VER. 30/10/2020



With the contribution of the LIFE financial instrument of the European Union  
LIFE in Common Land (LIFE 16 NAT/ES/000707)





# LIFE IN COMMON LAND

**Autores:** Lagos Abarzuza, L.<sup>1</sup>; Blanco Arias, C.A.<sup>2</sup>; Muñoz Barcia, C.V.<sup>1</sup>; Díaz Varela, E.R.<sup>3</sup>; Díaz Varela, R.A.<sup>2</sup>; Fagúndez, J.<sup>1</sup>

<sup>1</sup>Departamento de Bioloxía. Facultade de Ciencias e Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA). Universidade da Coruña. 15071, A Coruña, España.

<sup>2</sup>Departamento de Botánica. Escola Politécnica Superior de Enxeñaría. Universidade de Santiago de Compostela. 27002 Lugo, España.

<sup>3</sup>ECOAGRASOC. Escola Politécnica Superior de Enxeñaría. Universidade de Santiago de Compostela. 27002, Lugo, España.

**Outubro de 2020**

Modelo redactado por Universidade de Santiago de Compostela e Universidade da Coruña no marco do proxecto Life in Common Land (LIFE16 NAT/ES/000707).

**Citar como** *Lagos Abarzuza, L.; Blanco Arias, C.A.; Muñoz Barcia, C.V.; Díaz Varela, E.R.; Díaz Varela, R.A.; Fagúndez, J. 2020. MODELO SILVÍCOLA: Conservación de grandes superficies de queirogais húmidos atlánticos (4020\*) con Erica mackayana e os seus mosaicos con hábitats de turbeira (71XX) Life in Common Land. Proxecto LIFE IN COMMON LAND (LIFE16 NAT/ES/000707).*

## Conservación de grandes superficies de queirogais húmidos atlánticos (4020\*) con *Erica mackayana* e os seus mosaicos con hábitats de turbeira (71XX) Life in Common Land.

<b>Modelo silvícola</b>	<b>Conservación de grandes superficies de queirogais húmidos atlánticos (4020*) con <i>Erica mackayana</i> e os seus mosaicos con hábitats de turbeira (71XX) Life in Common Land.</b>
<b>Especie:</b>	Queirogais húmidos atlánticos (4020*) con <i>Erica mackayana</i> e os seus mosaicos con hábitats de turbeiras (71XX)
<b>Obxectivo:</b>	Conservación de queirogais húmidos atlánticos con <i>Erica mackayana</i> (4020*) e os seus mosaicos con hábitats de turbeira (71XX) para grandes superficies e aproveitamento gandeiro compatible coa súa conservación.
<b>Distritos de aplicación</b>	Ferrol (I), A Mariña Luguesa (VI), Terra Chá (X)
<b>Tipo de gando</b>	Cabalos, sempre do tipo do ponis salvaxe de Galicia, besta ou garrano, cun criterio de talla $\leq 1,30$ na cruz., de interese pola súa capacidade de controlar o toxo, mellorando o Estado de Conservación destes hábitats. Opcionalmente vacún, preferentemente razas rústicas e pequenas, ovino e caprino.
<b>Manexo gandeiro</b>	
Rotación	Non é necesaria.
Carga xeral	Densidade de entre 15 e 30 bestas por cada 100 ha ao longo de todo o ano. No caso de vacún, ovino ou caprino, non superar 40-50 UGM por cada 100 ha.
Carga instantánea	Recoméndase non superar a carga xeral
Mantementos	O mantemento óptimo será o propiciado pola presenza estable de bestas no monte. Para o manexo gandeiro poden ser necesarios peches perimetrais, que serán de madeira e fíos de arame, ou labores de revisión e mantemento dos peches. Excepcionalmente poden realizarse accións de roza ou queima acorde coa normativa vixente.
<b>Actuacións recomendadas para a conservación de hábitats</b>	
Este modelo reflicte o <a href="#">Modelo de Xestión Baseado en Resultados de Conservación establecido no proxecto LIFE in Common Land (LIFE16 NAT/ES/000707)</a> . Dito modelo establece unha serie de indicadores para identificar o estado de conservación dos hábitats mencionados.	
Se presentan distintas <b>acción recomendadas</b> para manter ou recuperar o estado favorable dos hábitats, as cales serán moderadas en función da dinámica da vexetación, de forma que	

<p>se garanta un bo Estado de Conservación dos hábitats, a presenza de especies de interese para a conservación, e a estrutura e funcionamento dos mesmos.</p> <p>Todas as actuacións contempladas cando sexan desenvolvidas no ámbito territorial da Rede Natura 2000 se realizarán sempre <b>seguinte o indicado no Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia</b>.</p>	
<p>Mantemento do Bo Estado de Conservación</p>	<p>A conservación do mosaico de queirogal húmido e turbeira é compatible, e frecuentemente dependente, da presenza dos cabalos no monte, o cal pode combinarse cunha correcta xestión do gando vacún e ovino.</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Manter unha densidade de entre 15-30 cabalos/100 ha e garantir a súa presenza durante todas as épocas do ano nos hábitats prioritarios (sobre todo nos queirogais húmidos en outono/inverno).</li> <li>2. Poden ser necesarias accións asociadas ó mantemento de cabalos salvaxes nos montes: sinalización, peches perimetrais para evitar conflitos, outras.</li> <li>3. Mantemento e mellora de pistas, para unha correcta xestión da auga que evite procesos erosivos.</li> <li>4. Mellorar os pasos utilizados polo gando e maquinaria agrícola adecuando os camiños ó funcionamento hidrolóxico dos sistemas de turbeiras</li> </ol>
<p>Recuperación do Estado de Conservación Favorable</p>	<p>Cando os indicadores do <a href="#">Modelo de Xestión Baseado en Resultados de Conservación</a> marcan un Estado de conservación Desfavorable:</p> <p>-Se a presenza de cabalos se reduce ou se hai zonas ás que non pode acceder, observándose a degradación do hábitat, para queirogais húmidos (4020*) con &gt;0,6 m de altura de mato, &gt;80% arbustivas e &gt;50% toxo, poden ser necesarias:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Xestión dos cabalos salvaxes: incrementar densidades ata 15-30 bestas/100 ha. Pode vir acompañado de gando vacún, ovino ou caprino. Tamén axeitada para despois das rozas.</li> <li>2. Rozas.</li> <li>3. Queimas controladas.</li> </ol> <p>-Queirogais húmidos (4020*) con &lt;0,3 m altura e &lt;30% arbustivas, ou con presenza de danos severos por pisoteo requiren a diminución das cargas de gando</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Reducir a carga gandeira de vacún ou as épocas do ano de pastoreo. Reducir polo menos un 25% o pastoreo en inverno ou reducir a carga gandeira a 0,25 UGM/ha.</li> <li>2. Pechar temporalmente aqueles queirogais con risco de desaparición así como nos queirogais máis turbosos e sensibles ao pastoreo. Instalar bebedeiros alternativos (cando non supoñan un impacto negativo sobre o medio).</li> </ol>

	<p>-No caso de cobertura de piñeiros, eucaliptos ou outras especies alóctonas, tanto en queirogais como en turbeiras recoméndase a restauración do hábitat mediante:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Eliminación de masas de piñeiro, eucalipto e outras especies alóctonas e eliminación de posible rebrote, mantendo cando sexa estimado necesario masas de piñeiro para refuxio do gando.</li> </ol> <p>De atopar zonas onde se incrementan excesivamente as cargas instantáneas de gando poden aparecer procesos erosivos, que se dan especialmente en bebedeiros naturais. Nestas zonas con procesos de degradación evidentes pode ser recomendable pechar temporalmente ao uso do gando.</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Redución da carga gandeira.</li> <li>2. Puntualmente instalación de cercados de exclusión para suprimir o impacto do gando nas zonas que se determine necesario para o desenvolvemento natural da cobertura vexetal.</li> <li>3. Instalar bebedeiros alternativos (cando non supoñan un impacto negativo sobre o medio)</li> <li>4. Labores de restauración da dinámica hidrolóxica natural.</li> </ol>
<b>Tratamentos silvícolas</b>	
<p>Nas masas de piñeiro que se manteñen para refuxio do gando, contémplanse unicamente cortas de obrigada execución, cortas de policía e eliminación de especies alóctonas invasoras.</p> <p>Fomento do bosque autóctono de frondosas en zonas baixas próximas aos cursos fluviais, mediante corta e eliminación de <i>Pinus spp.</i> ou <i>Eucalyptus spp.</i>, reforzamento da masa con plantación, así como eliminación de especies alóctonas invasoras.</p>	

**Indicacións a maiores do Plan Director da RN2000 de Galicia no caso de atoparse en dita rede:**

**Uso de cabalos para conservación de hábitats**

No caso de manter os cabalos en peches con altas cargas instantáneas, LIFE in Common Land recomenda que os peches non sexan inferiores a 150 ha e que sexan utilizadas greas enteiras xa existentes no monte. Estes peches terán que contar con refuxio para resgardarse en momentos de climatoloxía adversa, auga e alimento suficiente, non recomendándose a alimentación suplementaria.

As cargas instantáneas recomendadas para o control de cobertura de toxo en queirogais deberán ser entre 15-30 bestas/100 ha.

Recoméndase a modificación de peches para permitir o seu acceso das bestas ás zona degradadas en lugar de o mantemento de altas cargas instantáneas en peches cerrados.

## **Rozas**

Realizárase preferentemente entre 2 meses antes do inicio da floración e o final da frutificación (mellor a principios de outono para evitar erosión en época de chuvias).

Para reducir cobertura de *Ulex* spp. recoméndase a roza en primavera e verán.

Evitar rozas en zonas moi húmidas e respectar unha distancia de 10 m cos cursos de auga.

Cando sexa necesario empregar maquinaria, limitarase unicamente ás zonas non turbosas, utilizando rozadora de cadeas a unha altura de 12,5 – 15 cm do solo.

Rozar manualmente con formas irregulares nos hábitats máis sensibles, mantendo pequenos rodais non rozados para favorecer a heteroxeneidade. En todo caso, recoméndanse que as rozas de superficies continuas de queirogais non superen as 6 ha.

Recoméndase que as rozas e queimas controladas non deben superar anualmente o 2% da superficie dos queirogais húmidos identificados no territorio a xestionar por este Modelo, cumprindo en todo caso coas limitacións establecidas no Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia.

Utilizar a roza, preferiblemente por manchas para favorecer o uso polo cabalo. Trala roza, permitir o acceso dos cabalos salvaxes á zona para manter controlado o crecemento de toxo.

En casos excepcionais poderase avaliar con asesoramento científico/técnico a necesidade de extracción da matogueira cortada.

## **Queimas controladas**

Recoméndanse de forma excepcional para situacións de deterioro dos hábitats, e especialmente onde non é posible realizar as prácticas anteriores.

Recoméndase que as rozas e queimas controladas non deben superar anualmente o 2% da superficie dos queirogais húmidos identificados no territorio a xestionar por este Modelo, cumprindo en todo caso coas limitacións establecidas no Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia.

## **Eliminación de masas de piñeiro, eucalipto e outras especies alóctonas para recuperación e restauración de hábitats.**

- a) Corta de pés de *Pinus* spp., *Eucalyptus* spp., e outras especies arbóreas alóctonas.
- b) Retirada de madeira e restos de corta.
- c) En casos excepcionais poderase avaliar con asesoramento científico/técnico a necesidade de destruír ou incluso arrincar os tocos.
- d) Reducir ó mínimo o impacto da maquinaria, traballando desde pistas ou camiños, empregando cables e dispositivos que reduzan impactos sobre o hábitat, así como sistemas de tracción animal se a sensibilidade do hábitat así o require
- e) Eliminación dos posibles rebrotes e control da rexeneración procedente de plantacións forestais próximas e eliminación de especies invasoras.

### **Cercados de exclusión**

De atopar zonas onde se incrementan excesivamente as cargas instantáneas de gando, poden aparecer procesos erosivos, que se dan especialmente en bebedeiros naturais. Nestas zonas con procesos de degradación evidentes pode ser recomendable pechar temporalmente ao uso do gando mediante cercados gandeiros.

Esta acción irá acompañada da instalación de bebedeiros alternativos cando sexa necesario.

Labores de restauración da dinámica hidrolóxica natural cando sexa necesario.

### **Bebedeiros**

Instalación de bebedeiros para proporcionar acceso a auga en zonas próximas ás áreas de exclusión. Estas accións deben respectar as dinámicas dos cursos existentes e evitar a creación de novas infraestruturas voluminosas nas áreas naturais.

### **Mantemento e mellora de pistas**

Modificando as gabias e canles transversais de modo que a escorrentía chegue dun xeito difuso, evitando a concentración do fluxo de auga nun único drenaxe e o depósito de materiais alóctonos. O mantemento debe realizarse empregando materiais inertes semellantes ós da zona, a re-vexetación das marxes, de ser preciso, farase con sementes e restos vexetais da contorna.